

Acta núm. 32/2020.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 10 de novembro de 2020.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
Sandy Marie Cebral Gómez.
José Luis Sampedro Bouzas.
María Rosa Romero Fariña.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 10 de novembro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 31/2020, DO 03.11.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 6º) SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 31/2020, DO 03.11.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 03.11.2020, acta núm. 31/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ISABEL PRESAS IGLESIAS, na que comunica que vai pavimentar con formigón parte do espazo privado exterior da vivenda sita no lugar de Cabreiros 7, Brión.

A parcela na que se empraza a edificación (referencia catastral nº 6261518NH2466S0001LO) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 17,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 82,17 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA TERESA BEADE NÚÑEZ, na que comunica que vai reparar parte da cuberta dunha nave situada en Guisande 9, Os Ánxeles, substituindo as tellas en mal estado por pranchas de fibrocemento e tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 6531408NH2463S0001UR) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM

(NRL-1), e sitúase dentro da aldea de Guisande, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como AE3, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 33,31 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 97,88 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL GOSENDE ROMERO, na que comunica que vai realizar obras de conservación nun peche no Outeiro 9, Bastavales, substituíndo o arame en mal estado por arame novo. O peche sitúase, nunha lonxitude aproximada de 20 metros lineais en contacto co vial, a menos de 4 metros do eixo da vía, e nunha lonxitude aproximada de 30 metros lineais é de separación cos lindeiros.

A parcela na que se pretenden executar as obras (referencia catastral nº 8405603NH2480N0001AX), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 22,85 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 87,42 euros

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NOELIA SOUTO CARRO, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda de Casaldoeiro 4, Bastavales, para garantir o mantemento e conservación da vivenda:

.- Reparación da cuberta, substituíndo a totalidade da tella vella por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma.

.- Revestimento das chemineas con pedra.

.- Revestimento e reparación dun muro mediano exterior.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 15013B503056020000MB) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1) e atópase dentro da zona de policía de leitos dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada en Augas de Galicia ao abeiro do Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 141,83 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 206,40 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCELINA LAVANDEIRA MIRAZO, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar nova (alpendre) de 40 m², dunha

única planta e escasa entidade construtiva, en Chave de Carballo 5, Bastavales.
A parcela (referencia catastral núm. 9117705NH2491N0001MB) onde se pretende construír a edificación auxiliar, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 8 (NRL-1) do PXOM.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .- A construción situarase dentro da parcela mínimo a 3 metros de tódolos lindeiros.
- .- A construción estará convenientemente rematada, revestida e pintada, e a súa cubrición será de tella cerámica.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 134,13 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 198,70 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por TERESA ROSA CARBALLO FERNÁNDEZ, na que comunica que vai arranxar unha tubería de abastecemento de auga privada, nunha lonxitude aproximada de 10 metros, para dar subministro á vivenda de Tembra 18, Boullón.

A parcela na que se sitúa a vivenda (referencia catastral 4245908NH2444N0001AT), está clasificada como solo de núcleo rural en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obra solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,00 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 67,57 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANA REY SILVA e JUAN JOSÉ CALVETE ESPASANDÍN, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Brión de Abaixo 28, Brión, segundo proxecto de execución redactado polo arquitecto Juan José Blanco Mella, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 07.07.2020, (n.r.e.: 2003146).

As parcelas onde se pretenden executar as obras, (ref. catastral nº 5360304NH2456S0001QT e nº 5360303NH2456S0001GT), están situadas en solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 19/10/2020 (expediente: 534/20) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado polo arquitecto Juan José Blanco Mella, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 07.07.2020.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión, 163,46 m², que inclúe os terreos situados fora do muro de peche pendentes de urbanización, e implica a pavimentación, a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento e saneamento), a colocación de tubo de 40 cm. de diámetro para pluviais e cable de iluminación pública, en todo o fronte da parcela, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 163,46 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 2 de novembro de 2020.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.454,98 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 97,41 euros.

Total: 2.552,39 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Carlos Matovelle Gómez, que di actuar en representación de RESIDENCIA SANTA MINIA SL, na que solicita licenza para construír un edificio destinado á actividade de residencia xeriátrica (con 59 prazas para residencia de maiores e 12 prazas para vivenda comunitaria), no Paseo de Pedrouzos 15, Brión, segundo proxecto de execución redactado polo estudio "HERNANDO EZQUERRA S.L.P", visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 30.07.2020.

A parcela onde se pretenden executar as obras, (ref. catastral nº 6555938NH2465N0001UU), está situada en solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UNC-1 do PXOM (Ordenanza nº4).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado polo estudio de arquitectura "HERNANDO EZQUERRA S.L.P", visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 30.07.2020.
- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar no Concello unha comunicación previa para o inicio da actividade consonte co disposto nos artigos 12.2 e 13 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, debendo achegar a seguinte documentación:

1.- Informe técnico sobre viabilidade de centros de servizos sociais emitido pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 19.136,72 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 3.860,66 euros.

Total: 22.997,38 euros.

QUINTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

Pola alcaldía se retira o asunto da orde do día por atoparse pendente de trámites.

SEXTO.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA LEÓN CAAMAÑO, na que solicita prórroga do prazo de remate da reparación da cuberta da vivenda do Paseo de Pedrouzos 32, Brión.

Con data 19.11.2019 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento e autorizou a María León Caamaño a reparación da cuberta substituindo a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14:15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González